



COMPROMISO FRONTE A PROTECCIÓN DOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES (NNA) FRONTE Á VIOLENCIA NO DEPORTE- Pais/Nais/Titores/as

EQUIPO LOPIVI CLUB XIMNASIA PAVILLÓN OURENSE E CLUB XIMNASIA ESCOLA PAVILLÓN

- **DELEGADA: Natalia Gómez Blanco**
- **EQUIPO DE APOIO:**
 - **RÍTMICA:**
 - Raquel Dafonte Rodríguez
 - Alba Estévez López
 - **TRAMPOLÍN:**
 - Néstor González Pérez

CONSENTIMENTO INFORMADO E DECLARACIÓN RESPONSABLE

AUTORIZACIÓN PARA ACTIVIDADES, TORNEOS E VIAXES DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE (NNA).

Coa aceptación do presente documento a persoa participante é informado/a do seguinte:

1. As obrigas e compromisos que asumen proxenitores, proxenitoras e titores/as para protexer os nenos, nenas e adolescentes fronte a situacións de violencia nas actividades deportivas.
2. As obrigas e compromisos que asumen os e as deportistas menores de idade, baixo a súa responsabilidade, en relación coa protección dos NNA fronte á violencia nas actividades deportivas.
3. A lexislación vixente sobre a protección dos NNA (nenos, nenas e adolescentes) fronte á violencia nas actividades deportivas.

Coa aceptación do presente documento a persoa participante comprométese a:

1. Cumprir co decálogo para familias da entidade, relacionado coa protección dos NNA fronte a situacións de violencia no deporte.
2. Colaborar coa entidade para garantir que os e as menores cumpran o decálogo para deportistas en relación coa protección dos NNA fronte a situacións de violencia no deporte.
3. Autorizar a participación en competición, se fose o caso, dos e das deportistas nos termos expresados neste documento.
4. Asumir as consecuencias dun posible incumprimento destes compromisos por parte das familais e/ou deportistas.

En caso de custodia compartida ou alterna, as dúas persoas proxenitoras ou titoras deben estar informadas e aceptar as cláusulas deste documento. Se non hai información en contra entenderase, en exercicio do principio da boa fe, que a persoa proxenitora ou titora que acepta este consentimento e autoriza os termos do mesmo asume a responsabilidade en nome de ambas.

Calqueira dúbida relacionada con este particular debe ser comunicada no momento da aceptación destas cláusulas.

DECÁLOGO DE CONDUCTA PARA FAMILIAS

- 1 Respectarei os códigos de conducta, regulamentos e protocolos da entidade
- 2 Animarei aos participantes á práctica do deporte respectando as regras e ás persoas
- 3 Promoverei a asistencia a adestramentos e competicións coa máxima puntualidade
- 4 Aceptarei as decisións tomadas polos adestradores/as ou polos xuíces/as
- 5 Non farei comentarios nin críticas negativas que poidan ferir ós demais, nin en directo nin por redes sociais
- 6 Comportareime de xeito responsable nas gradas e non mostrarei agresividade verbal ou física
- 7 Serei realista e absteréime de presionar aos deportistas ou de xeralles falsas expectativas
- 8 Absteréime de tomar fotografías ou vídeos sen consentimento dos NNA, salvo en actos públicos
- 9 Absteréime de facer uso inapropiado das redes sociais
- 10 Avisarei ao delegado de protección ou ao responsable da entidade se me percató dalgunha situación de violencia fronte a algún menor

DECÁLOGO DE CONDUCTA PARA DEPORTISTAS

- 1 Respectarei aos adestradores, compañeiros, resto do persoal da entidade e doutros equipos, A TOD@S!
- 2 Non insultarei, humillarei, abusarei de ninguén e rechazarei calquera conducta violenta
- 3 Amosarei compañerismo coa xente do meu equipo e de outros clubs
- 4 Aceptarei con respecto calquera decisión das xuíces
- 5 Non farei comentarios nin críticas negativas que poidan ferir ós demais, nin en directo nin por redes sociais
- 6 Non abandoarei a instalación sen aviso aos adestradores, tampouco nas competicións
- 7 Informarei aos meus adestradores sobre calquera lesión ou condición médica
- 8 Respectarei o material e seguirei a normas de comportamento que nos indiquen
- 9 Non consumirei substancias nocivas para a miña saúde, sobre todo nas instalacións deportivas
- 10 Avisarei aos adestradores, delegado de protección ou a algún adulto se me percató dalgunha situación de violencia na entidade

En caso de incumprimento grave, imprudente, negligente ou doloso das normas de protección dos NNA nas actividades deportivas da entidade, poderanse adoptar medidas disciplinarias incluíndo a suspensión ou exclusión da competición ou actividade, sen prexuízo das accións administrativas ou xudiciais que poidan corresponder.

A persoa participante ou os seus representantes legais, autorizan expresamente á entidade a utilizar os datos facilitados, que serán empregados unicamente para os fins da actividade e para cumprimento do protocolo de prevención da violencia. Estes datos non serán cedidos a terceiros excepto en caso de incoación dun expediente que afecte á persoa participante, sendo comunicado ao Delegado/a de Protección de Datos (DP) ou organismos competentes. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión e portabilidade, conforme a LO 3/2018 de protección de datos de carácter persoal, mediante comunicación dirixida á entidade a calquera dos seguintes correos electrónicos: expavillon@yahoo.es escolaximnasia@gmail.com



AUTORIZACIÓN PARA ACTIVIDADES, TORNEOS E VIAXES

- O/a participante desenvolverá a súa actividade no Club Ximnasia Pavillón Ourense ou Club Ximnasia Escola Pavillón.
- O/a deportista será incluído/a en grupos de competición, por decisión técnica previa, só coa aprobación dos seus responsables directos.
- As familias serán informadas adecuadamente, no momento da inscrición, sobre a actividade, horarios, condicións xerais, etc... relacionados coa organización dos desprazamentos así como de posibles modificacións que poidan ser realizadas con posterioridade á inscrición inicial.
- As familias serán informadas, das regras de comunicación co participante e coa familia (horarios, uso de dispositivos móbiles, canais de comunicación, etc...) durante a duración dos desprazamentos.
- As persoas responsables da expedición adoptarán tódalas medidas ao seu alcance para previr danos ou accidentes. Estas persoas non serán necesariamente responsables de calquera dano ou accidente sufrido pola persoa participante salvo en casos de negligencia.

Comprométome a:

- Comunicar con antelación suficiente á adestradora e ao club sobre calquera necesidade médica coñecida, que requira medidas especiais durante os adestramentos, competicións e exhibicións.
- Avisar con antelación suficiente da imposibilidade de asistir a unha competición prevista.
- Asumir os gastos derivados dun desprazamento ao que non se asiste (transporte, aloxamento, inscrición) salvo causas xustificadas, achegando a correspondente xustificación.
- Aceptar e asumir a organización, que compete á Xunta Directiva e equipo técnico, tanto en competicións como en calquera tipo de evento no que se participa (horarios, traslados, aloxamentos, aportacións, etc.) tal e como me sexan indicados coa debida antelación por parte do club.
- Aceptar e asumir os dereitos e deberes que os estatutos e regulamento interno do club recoñecen a familias e ximnastas, no relacionado coa competición.

Dou o meu consentimento para:

- Que no caso de enfermidade ou accidente durante un adestramento, competición ou exhibición, se apliquen os protocolos necesarios.
- Que a persoa participante poida ser advertida ou, se fose necesario, excluída da participación no evento, por non respectar as normas de comportamento. Nese caso comprométome a organizar o seu regreso no menor tempo posible, asumindo integramente os gastos derivados do desprazamento e de calquera dano ou prexuízo que puidese ocasionar.

Enlaces e normativas de referencia:

<https://deporte.xunta.gal/es/protocolo-proteccion-nna>

Portal Deporte Galego

<https://www.ximnasia.com/normativas/xerais.htm>

Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia no deporte publicado pola F.G.X.